

Acta da reunión da Comisión Delegada da Federación Galega de Tenis, celebrada telemáticamente o martes 24 de marzo de 2026, as 20.30 horas en primeira convocatoria e 21.00 horas en segunda coa asistencia dos señores que se citan:

D. José Mosquera Casero -Presidente D. Gabriel Fernández Mourelle- Club de Tenis Pontevedra D. Juan José Medín Guyatt -Sporting Club Casino Coruña D. Francisco Hernández Soto-CC Dtivo Sanxenxo D. Fernando Placer Manzanaro Persoal Federativo D. Marco A Casal Costas Dna. M ^a Jesús Fernández García	E aberta polo presidente, que agradece a súa conexión aos membros da comisión Delegada. Pasa ao punto 1 da Orde do Día: 1. Aprobación do acta da reunión anterior. Sométese a votación e é aprobada por unanimidade 2. Equiparación sistema de desempate 3-1 con sistema de desempate 4-2 nas fases finais das competicións por equipos
--	--

A Comisión Delegada aprobou o sistema de desempate aplicable aos encontros con formato de xogo 3-1 nas fases finais eliminatorias. No caso de que o enfrontamento conclúa en empate, disputarase un partido adicional de dobres, que se resolverá mediante un súpers tie-break. Para ese efecto, os equipos poderán aliñar a calquera xogador do equipo, con independencia de que fose ou non convocado previamente para a eliminatoria.

3. Informes do Sr. Presidente

a) Informa sobre a reunión que houbo esta mesma mañá coa RFET de forma telemática e á que asistiu xunto co resto de persoal federativo. Nesta reunión que durou 3 horas, e á que asistiron todas as federacións territoriais, serviu para que na RFET se desen conta das deficiencias que presenta a plataforma Isquad. Cada federación foi intervindo comentando o que entendía debe mellorarse. A Federación Galega recalcou a súa posición respecto á non subida de dni, manter nº de licenza, código de Club e números de homologación, ademais de que é necesario que desde Isquad permítase unha interacción entre plataformas. E como o resto de federacións insistiu que non se podían perder licenzas por ter unha aplicación resolutive Finalmente quedou en volver ter unha reunión nun mes aproximadamente,

b) Informa sobre a decisión de cambiar a data da Festa do Tenis, tras a petición de varios clubs e adestradores, a Federación decidiu aprazar a XXXIV Festa do Tenis para o próximo 25 de abril de 2026, xa que a competición e o inicio de semana santa impedía a asistencia dalgúns clubs. A localización, o formato e o horario mantéñense, será no Restaurante Montero en Vilalba (Lugo) ao 13.30 h.

4. Rogos e Preguntas

D. Francisco Hernández comenta aos asistentes que considera moi importante facer chegar a necesidade de cambiar a lei do solo e os trámites para realizar e para iso aproveita todas as ocasións que ten ao seu alcance para facer chegar a mensaxe desta necesidade. Como por exemplo esta fin de semana no seu club, na entrega de premios da competición finalizada.

E non habendo mais temas que tratar, sendo as 21:40 horas dáse por pechada a sesión que asino como secretario desta reunión, co VºBº do Sr./Sr. Presidente

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario da reunión CD 24/03/26

Vº e prace
José Mosquera Casero
Presidente FGTenis